

ANEXO VII

**Baremo de aplicación ás solicitudes de axudas de atención á primeira infancia
Programa de cheque infantil**

1.º Situación sociofamiliar.

1.1. Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos.

1.2. Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea ao seu cargo: 1 puntos.

1.3. No caso de que a nena/o para a/o cal se solicita praza nacese nun parto múltiple: 1 puntos.

1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia: 2 puntos.

1.5. Pola condición de familia monoparental: 3 puntos.

1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: 6 puntos.

1.7. Pola condición de familia numerosa: 3 puntos.

1.8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas: ata 3 puntos.

2.º Situación laboral familiar.

2.1. Situación laboral de ocupación:

– Nai: 3 puntos.

– Pai: 3 puntos.

2.2. Situación laboral de desemprego (1):

– Nai: 2 puntos.

– Pai: 2 puntos.

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da data de publicación desta orde.

No caso de familias monoparentais, adxudicáráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

3.º Situación económica.

R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

– Inferior ao 25% do IPREM: +4 puntos.

– Entre o 25% e o 50% do IPREM: +3 puntos.

– Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM: +2 puntos.

– Entre o 75% e o 100% do IPREM: +1 puntos.

– Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM: -1 puntos.

– Entre o 125% e o 150% do IPREM: -2 puntos.

– Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM: -3 puntos.

– Igual ou superior ao 200% do IPREM: -4 puntos.

* En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita más baixa, e tras a aplicación deste criterio, terán preferencia as solicitudes de atención con servizo de comedor.

* Para efectos desta orde, están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

* No caso de ausencia do fogar familiar de ámbolos dous membros parentais, adxudicárase a puntuación máxima nas epígrafes 2.^a e 3.^a do baremo.